



Resolución da Alcaldía

Asunto: LISTAXE DE PERSOAS QUE PASARON A PROBA ESCRITA PARA A PRAZA DE PEÓN CONDUCTOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A BRIGADA DE INCENDIOS

Con data 28 de xuño de 2016, a Consellería de Medio Rural e o Concello da Baña formalizaron un convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 por un período de tres meses durante a época estival, sendo éste o período de perigo alto de incendios no que se ten que adoptar medidas e accións especiais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Atendendo ao convenio, desenvolveranse as seguintes accións:

- Labores de intervención nos incendios forestais no ámbito municipal da Baña, sen prexuízo de que conforme a normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en material forestal cando así o decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48,6 da Lei 3/2007.
- Actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas corta lumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, nos tres meses de operatividade da brigada.

Para levar a cabo estes traballos contratarase unha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais e que estará composta por 5 membros, en réxime de persoal laboral temporal mediante o sistema de oposición.

A Alcaldía é competente para resolver segundo o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por todo isto, a Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO. Publicar a listaxe provisional das persoas que superaron a proba escrita por ter acadada a puntuación mínima establecida nas Bases da convocatoria (quedan excluídas as persoas que non superaron as 16 respostas correctas):

1. Cebey Rey, Carlos	3,6
2. Puga Vázquez, Manuel	1,2
3. Outón Barbazán, Daniel	2,4
4. Mayo Touceda, Diego	1,8
5. Negreira Dacunha, Pablo	1,2
6. Calvo Castro, Luis	1,2
7. García Fariña, Javier	0,6

SEGUNDO: A puntuación de acordo coa Base 6.a establece que: "Puntuarase ata un máximo de 6 puntos".

TERCEIRO. Tendo en conta as bases 6.b da convocatoria, o TRIBUNAL cita as persoas que superaron a proba escrita para o día 23 de xuño ás 9:30 h. no Salón de Sesións da Casa do Concello da Baña.

CUARTO: Publicar a presente Resolución na páxina Web do Concello da Baña.